

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

Dende a Sección Sindical da CIG en Securitas, non imos consentir as inxurias e mentiras que están a verter en contra desta Sección Sindical por parte dos membros de Alternativa Sindical. Levan xa un tempo querendo desacreditar o traballo que realiza a Sección Sindical da CIG en Securitas, con mentiras, e como eles mesmo din “se pilla antes a un mentiroso que a un cojo”, pois si compañeiros non hai nada mais certo que iso, **e a vos volvemos a collervos noutra mentira**, agora en relación ao calendario anual do Hospital Álvaro Cunqueiro. En lugar enmerdar, dedicádevos a traballar e informar do voso traballo, se facedes algún!!.

O pasado 16 de abril a empresa mandou un correo comunicando a entrega do novo calendario do Hospital Álvaro Cunqueiro, dende esta Sección Sindical despois de estudalo o 22 de abril realizamos unhas alegacións ao mesmo, que foron contestadas pola empresa o 23 de abril do presente.

Non compartindo as medidas adoptadas pola empresa, esta Sección Sindical media coa empresa, para tratar que estas medidas non se implantaran. se non son cun amplo consenso entre os traballadores e traballadoras e as Seccións Sindicais, vendo que isto non é posible, **esta Sección Sindical adopta a decisión de realizar denuncia en Inspección de Traballo, rexistrada o 27 de abril do presente, por incumprimento do calendario laboral 2020, por vulneración do artigo 52.2 do Convenio Colectivo e por vulneración do artigo 41 do Estatuto dos Traballadores.**

Esta denuncia se lle facilita aos traballadores e traballadoras do servizo do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, para que sexan coñecedores das actuacións desta Sección Sindical.

Teremos moitos defectos, pero non enmerdamos, con mentiras e inxurias. En lugar disto, porque non vos dedicades a aportar construtivamente e traballar para mellorar realmente a vida dos traballadores e traballadoras.

O sindicalismo **non é vivir no rancor, non é criticar sen aportar, non é mentir** para querer beneficiarse, **o sindicalismo é traballar polo colectivo, invertir o tempo para mellorar as condicións laborais, é implicarse nas decisións**, e non estar instaurados na crítica destrutiva que non leva a ningún lado, non é boicotear acordos, nin non cumprilos para non traballar nas festas, non é ter unha cobertura para que non me despidan. **ISO NON É!!**

Dende a CIG, imos seguir coa nosa xestión, **tratando de resolver problemas aos traballadores e traballadoras, conseguindo melloras na contratación, nos seus calendarios “que son a súa vida”, mellorar as condicións laborais, acadar avances en materia preventiva (o que non fixeron outros durante anos, que agora están en Alternativa Sindical)**, daquela xa existían luvas anticorte, chalecos antitrauma, xel pementa, etc, **pero non as conseguiu, onde estabas?, tivemos que chegar outros para conseguilo**. Agora na situación de pandemia, esta Sección Sindical segue a traballar xunto cos Delegados de Prevención da CIG, tratando de que non falte material preventivo, que se repoña de continuo, esixindo que se fagan as probas do COVID-19 ao persoal dos centros hospitalarios, que se consigan máquinas de ozono para a desinfección dos centros de traballo, que se doten de cámaras térmicas nos servizos con mais risco. etc..., Nos si estamos para isto, e agardamos solucionar este problema polo ben dos traballadores. Desde esta Sección Sindical coma sempre, seguimos a disposición de todo o persoal para o que poida precisar.

Enderezo electrónico: cigsecuritasvigo@cigservizos.org

Pedro Pérez Caride 663 075 080

Xose Ramón Robes Campos 679 354 491

Fructuoso Carballo Alvarez 666 085 437

Miguel A. Fernández Glez. 636 807 373